

PALLARES, PROTECTOR DE CUNEROS

Por Luis Rodríguez Rodríguez

Toda persoa que nuns comicios preséntase ou preséntana coma candidata por unha circunscrición electoral que non é a súa, patrocinada ou non polo Goberno, recibe o nome de CUNERO, e a acción que leva a esto CUNERISMO. En realidade non é mais que a mostra do "amor" que o Goberno ou un partido político amosa por un dos seus afiliados, semellante o meiró que os pais, a ama de cría ou a niñeira senten polo neno, cando este é abanado no berce, ou mellor, na "cuna". Claro que esta verba tamén téñe outra acepción da que podía deriva-lo "cunerismo", á de DESCONOCIDO, por eso ós "expósitos" tamén se lles chama "cuneros" o mesmo que ó toro de lidia de gandeiría descoñecida e a égua ou cabalo sen ferro coñecido.

A práctica do cunerismo foi moi aproveitada ó longo do século XIX, sobre de todo na restauración cando o caciquismo acada os mais altos cumios, e cando a política era cousa de poucos; entón nas Cortes non se facía unha política xeral nin de partido, senón de intereses persoais, de grupo ou, cando mais, provinciais, aínda que cada deputado runfaba de selo da nación e non da provincia que o elixira. Sometidosos fillos do país á defensa dos intereses dos ricos, estes non arelaban mellora-la situación daqueles, simplemente querían asentárense nas Cortes e entrar no xogo da política de grupo; só desexaban aproveita-la súa prepotencia económica e mais social para facerse co poder político e logo servirse deste para reafirmaren seu "status" económico e mais social. Non obstante, a conciencia cidadán de que o deputado debía defende-los intereses da circunscrición que o elixira e que o cunerismo era unha competencia desleal para os propios políticos, crea unha grande reacción na contra desta práctica, da que era un experto o conde de Pallares, don Antón Vázquez de Parga e Vaamonde. Este, coma todo cacique que se preciara, tiña unha chea de enlaces e mais contactos, caciques á súa vez de ámbito mais encurtado, dos que votar mao no momento que lle convira, xeneralmente nas liortas electorais. Cómpre sulñar antes de seguir adiante que o conde facía en Lugo o que lle viña en gana sen dar conta ó presidente do comité electoral dos liberal conservadores, don Antonio Cánovas del Castillo. Pois ben, a pesar de que el mesmo lle escribira a Francisco Silvela para decirlle que a

"excitación que hay en esta provincia contra los cuneros, como repetidamente hablé a Vd., es más seria de lo que Vd. por informes equivocados cree",

cede á tentación de protexer un cunero, claro que amigo seu.

O candidato dos canovistas (liberal conservadores) para as eleccións de 1881, apoiado polo vicepresidente do partido, Romero Robledo, era don Felipe González Vallarino, o que desexaba a reelección. Tratábase dun avogado moi popular, pero mal visto por algúns

poderosos, xa que sempre aparecía "en pleitos oscuros", co que probablemente se quería decir que era o avogado dos indixentes e menesterosos. O conde, que moi poucas veces, como decimos, aceptou as candidaturas elaboradas por Madrid, para evita-la do Vallarino proponlla a seu amigo don Fernando Cos-Gayón, candidato do partido por Cartaxena e con unha gran oposición na circunscrición murcián pola banda dos republicanos e de seu propio correlixionario don Salvador de Albacete (1). O 20 de maio de 1881 o conde escribe a Cos-Gayón proponéndolle que se presentase por Lugo (2). Pasa preto dun mes e, ó cabo, o 7 de xuño o ex ministro dille que tardara en contestarlle.

"(...) porque quería apreciar antes con toda exactitud las probabilidades de lo que sucederá en Cartagena, para no admitir de V. sin perjuicio de agradecérselos de todas maneras igualmente sus ofrecimientos. Para mí sería desagradable haber causado, en dos partes distintas, a mis amigos molestias que en una resultarían innecesarias. Pero visto que en Cartagena no es fácil vaticinar lo que acontecerá, porque el Gobierno deja allí que los republicanos adquieran un crecimiento que no les correspondería en justicia, y hasta los mismos candidatos oficiales están sin grandes esperanzas y aún buscando otros distritos a prevención, acepto gustoso las ofertas que V. me ha hecho. Dígame lo que por mi parte crea que debo hacer..." (3).

Logo de recibi-la devandita carta, recoméndalle ó ex ministro que garde absoluto silencio e pídelle que o informe se o Goberno fixera rogas ou indicacións sobre distritos ós individuos do último Gabinete (no que estivera o leridán) e se falara co Cánovas respecto da súa candidatura por Lugo. Pasa logo a comunicarlle como estaban as cousas no distrito polo que ía ser candidato:

"(...) Al presente los candidatos por la circunscrición son el monárquico Juan Paradela, ex diputado de las Constituyentes de 1869, que ejerce su profesión en este pueblo como médico; don Benigno Quiroga López-Ballesteros, ingeniero de Montes, que, a propuesta de V. fue nombrado para prestar sus servicios en la Dirección de Propiedades en reemplazo del conde de Torre Pando, y don Manuel da Riva y do Rego, excriado de una tahona que se trocó rico por su casamiento con la dueña de ella, concejal a quien Torneros dio los honores de jefe superior de Correos y al cual se quiere cumplir una promesa que le debe Abascal en premio de su docilidad en las elecciones municipales. Conservadores liberales don José Pardo Montenegro, don Casiano Pérez Batallón y don Felipe González Vallarino, actuales diputados. Los dos primeros no pueden intentar la lucha sin mi apoyo, que me han pedido, reservándome contestarles en tiempo oportuno. Por último trabajan varios ministeriales..." (4).

(1).-Fernando Cos-Gayón era un leridán que tiña entón 56 anos. No 1876 fora nomeado subsecretario da Facenda e, gracias á súa fervorosa adhesión a Cánovas, acada un escano e maila vicepresidencia das Cortes (1879-80). Cánovas faino ministro da Facenda no 1879, cesando en febreiro do 1881, para volver ser nomeado no 1884-85 e mais no 1890-92. Do 1895 a 1897 foi ministro da Gobernación e antes fora ministro de Gracia e Xusticia. Falleceu no 1898.

(2).-A circunscrición de Lugo comprendía os Concellos de Lugo, Castro do Rei, Corgo, Friol, Sarria, Guntín, Láncara, Monterroso, Paradela, Páramo, Portomarín, Vilalba, Trasparga, Outeiro de Rei e Begonte. Tiña 38 seccións.

(3).-Archivo Histórico Provincial de Lugo (A. H. P.). "Documentos del conde de Pallares".

(4).-Este da Riva e do Rego, segundo o vilalbés Santiago Basanta Olano, en carta ó conde de 14 de abril, non tiña nada que facer. Entón estaba a dirixir cartas, "esta vez litografiadas a diferentes personas de esa capital y los distritos de la circunscrición manifestándoles se presenta a la Diputación a Cortes y pidiéndoles su apoyo. Como usted sabe perfectamente, a nò ser candidato un ministerial o del partido conservador (lo cual no presumo racional) de esta vez no reunirá acaso la mitad de la votación de las pasadas elecciones (...), por lo cual sufrirá una derrota completa (...)". Ó parecer só contaba con Cospito. Este Basanta sempre se equivocaba.-(A. H. P.). "Documentos del conde de Pallares". Op. Ct. Leg. 16.

Infórmalle ademais da existencia dun "contrato de socorro mutuo" entre o candidato do director de Comunicacóns, Manuel da Riva do Rego, e mailo Vallarino,

"(...) Pero al otorgarlo Vallarino le faltó su habitual perspicacia o el conocimiento de las modificaciones que ocasionó en la raza céltica la larga dominación de los suevos en estas comarcas. Es probable que, desconociendo la candidatura de V. le pida a Cánovas y a Romero me recomienden la suya con preferencia a las de Pardo Montenegro y Batallón, a pesar de que estos son hijos de la provincia. Para ese caso me reservo hacer historia a pesar de lo mucho que vale y de las simpatías que sabe inspirar y probar que sin una abominación humillante los conservadores no podríamos votarle aquí" (5).

Efectivamente, no 1879, o conde fixera ó Vallarino deputado pola circunscrición, pese ás prevencións dos electores cara ós cuneros, e o avogado fixera unha política sagastina e non canovista. Pero a xenreira dábase realmente no plano persoal debido ó comportamento que tivera no 1880 co encargado da cartería de Begonte. Co poder que lle daba a acta de deputado por Lugo pediu a cesantía do carteiro, recomendado do Vázquez de Parga, Pardo Muínelo, e substituíno por outro seu, un tal Vila, co adaxe de "faltas en el desempeño del cargo", acusación moi grave polo que se podía ocultar tras desa frase. Ademais, como veremos mais adiante, as carterías tiñan gran importancia nos comicios. O Muínelo informa ó conde e este comisiona ós deputados Batallón e mais Xosé María Pardo para que falasen co Vallarino en Madrid e aconsella ó Muínelo que non dese posesión ó Vila. O 9 de xaneiro os comisionados escriben ó Vázquez de Parga decíndolle que tiveran unha entrevista co avogado e que este se amosara.

(...) enojado y hasta amenazador de que el administrador se haya negado a dar posesión a Vila sin motivo. Nos dijo que él, al pedir la cesantía de Pardo y el nombramiento a favor de Vila, no tuvo ánimo alguno de combatir a V. y sí el de remediar un abuso. Que escribiría a Graña a ver si la cosa podía arreglarse..."

Pero os comisionados non quedan moi conformes, xa que o día devanceiro foran cas do Vallarino

"(...) y, aunque comprendimos que estaba en ella, se nos dijo que no vendría a almorzar, pues tenía que informar en el Supremo..."

e recoméndanlle ó conde que vaia a Madrid axiña, pois era de agardar que o Cánovas caíse e entón o problema do carteiro non se solucionaría. O Pardo dille ademais que non se podía fiar un da palabra do Vallarino, o que os citaba para falar do asunto e logo non aparecía. Vázquez de Parga nunca lle perdonou este comportamento.

Cos-Gayón comunicará ó conde que o Goberno non fixera rogas nin indicación algunha, así como que falara co Cánovas antes e que volverao facer e o presidente animárao acepta-las propostas do lugués, Falara tamén co Romero Robledo, pero pensaba que este daríase presa en recomenda-lo Vallarino ó Vázquez de Parga.

Coma o Goberno de Sagasta non protexía a ninguén do último Gabinete e, coma dos seis candidatos, tres serían ministeriais (se o Goberno os presentaba), retirados estes e

(5).-A. H. P. "Documentos del...". Op. Ct. Leg. 15.

sustituído o avogado polo leridán, había, moitas posibilidades de que o exministro da Facenda saíra elixido. Guiado por este razonamento o conde propónlle a Sagasta que retire seus candidatos, ou ó menos un, deixando lugar para Cos-Gayón, prometéndolle non intervir para as eleccións de senadores; caso contrario loitaría nas dúas. Esta proposta faina a través dun intermediario amigo de ámbolos dous, o que resposta que o Ministerio estaba de acordo en presentar dous candidatos. O gobernador civil -non sabemos se por orde do Goberno ou non- promételle mais de mil votos para Cos-Gayón, se o conde apoiaba os candidatos ministeriais en cinco Concellos dominados polo Vázquez de Parga, o que este acepta. E dicir, que nestes momentos ían loitar na circunscrición de Lugo dous ministeriais (Quiroga López- Ballesteros e mailo da Riva do Rego), un monárquico (Xoan Paradela) e tres conservadores (Vallarino ou Cos-Gayón, Pardo Montenegro e Pérez Batallón). Ata agora todo ía sobre rodas, así que para remata-lo plan, o de Pallares remítelle ó exministro copia da carta do amigo común que falara co Sagasta e aconséllalle se puñera en contacto co Pardo Montenegro e mailo Pérez Batallón, xa que, retirados estes, a oposición conservadora só tería a Cos-Gayón coma representante, loitando catro candidatos para tres postos. Sinálalle se dirixira a eles coma satisfacción do amor propio.

"(...) que en este caso les es debida, teniendo por inútil indicar a V. que no sería oportuno darles a entender que su candidatura de V. nació de un ofrecimiento espontáneo mío, porque pudieran creer infundadamente que tenía contra ellos prevenciones que en realidad no existen..."

Remata decíndolle que reunira ó comité de Lugo e que súa candidatura fora aceptada por unanimidade (6).

Pardo Montenegro retira a candidatura e ademais decide apoia-lo exministro. Para o conde de Pallares, Batallón non sería menos abnegado. Así as cousas, o lugués aconsella ó leridán que procure facer crer en Lugo que saldría elixido por outra parte, sen dúbida para fomenta-lo interés dos liberal conservadores pola súa candidatura.

Ata aquí a correspondenza entre o conde e mailo Cos-Cayón fora regular, pero neste momento atrícase chegando a sospeita-lo Vázquez de Parga que lle abrisen as cartas en Correos. Agora ha enviar dúas misivas seguidas (datas do 2 e do 7 de xullo) mentrelo catalán non escribe ningunha. Cando mais intranquilo estaba o conde porque ignoraba o que estaba a pasar, recibe unha con data do 7 de xullo, na que Cos-Gayón fai referencia á do conde do día 2. Nela, logo de asegurar que escribirá a Pardo Montenegro e mais Pérez Batallón cóntalle que para entón, tanto Vallarino coma Romero Robledo, falaran a Cánovas con gran empeño da candidatura do primeiro, que afirmaba que cos medios postos a seu favor e co que el mesmo fixera indo a Lugo o triunfo non podía ser dubidoso. Mais el, á vista da carta do lugués do 2 -que consignaba o apoio do comité de Lugo á súa candidatura- tamén visitara a Cánovas e mais ó Romero, convindo estes que era necesario aceptar sen vacilacións e con decisión que o exministro presentábase por Lugo. A carta do conde de Pallares do día 7 fora detida en Correos por falta de franqueo, velaí por qué non puidera retirala ata o 10, xusto cando recibe outra do Vázquez de Parga (de contido por nós

(6).-O comité integrábase. Cánovas del Castillo, coma presidente honorario; o conde de Pallares, presidente; Antón Camba, avogado e mais propietario; Manuel Freire Calviño, presidente do C. P.; Constantino Velarde e Pla, propietario; Xoan Reguera Pardo, avogado, propietario e do C.P.; Xoan Vidal, propietario e mais procurador, e Santiago Basanta Olano, secretario, avogado, notario e propietario.

descoñecido) na que este adxuntáballe unhas cuartillas para Cánovas en resposta a outra deste que descoñecemos do un de xullo participándolle que apoiaba a Vallarino. Sabemos esto porque en carta do Cos-Gayón do 12 (na que conta ó da falta de franqueo) afirma que a misiva do Cánovas ó cacique vilalbés fora escrita cedendo

"a las vivas instancias de González Vallarino y de Romero y aún supongo que la firmaría sin enterarse mucho de su contenido".

Teima no acordo de Cánovas, Romero e mais el para que o Vallarino se retirase e ademais en que estaba autorizado polos dous líderes do partido para comunicarllo ó conde, así que retiña a carta deste a don Antonio; mais que a reter, o que fai e devolverilla para que puidera escribir outra na que se dese por enterado do acordo. Por outra banda, fai saber a Vázquez de Parga que, se ben o Goberno non protexía e ninguén,

"Sagasta y los demás ministros andan diciendo e todo el que les quiere oír que no oponen obstáculo a las candidaturas de los exministros caídos en febrero (el mismo); que si hostilizan en un punto a Bugallal es dejándolo libre en otro; y que si hostilizan a Elduayen es porque éste está nombrado senador. Sin embargo, el gobernador de Murcia llevó orden de apoyar a Albacete y de combatirme en Cartagena, antes de que se supiese que me presentaba por otra parte..."

Entón ni Cos-Gayón nin o conde de Pallares sabían que Romero Robledo fixera xestións cos aragoneses para que o catalán fora acollido nas listas de Tarazona, quedando libre Vallarino, seu protexido, para Lugo. Seis días mais tarde, Cos-Gayón teima en que non se acercara ó Goberno; nin directa nin indirectamente tentara averiguar cál sería a actitude daquel respecto da súa candidatura,

"(...) Pero un amigo nuestro me ha venido a contar que anteanoche, estubo ollendo hablar de ella durante larguísimo rato a don Venancio González, cuyas extensas explicaciones fueron, en resumen, lo siguiente: Cree el Gobierno absolutamente necesario que venga al Congreso Cos-Gayón, último ministro de Hacienda de la situación pasada, autor del proyecto que fue ocasión del cambio político, y representante constante del partido conservador en las cuestiones de Hacienda. Yo, particularmente, tengo dos motivos especiales para pensar y querer eso mismo; el primero, porque fui quien discutí siempre con Cos-Gayón defendiendo él las doctrinas y la conducta del partido liberal-conservador y yo las del constitucional, en los asuntos financieros; y el segundo, porque le estoy agradecido a las consideraciones que siempre le debí. Por estas razones, el Gobierno ve con mucho gusto que Cos-Gayón tiene asegurada la elección en Lugo, a la que cooperará por su parte todo lo que pueda. No hay la menor duda sobre el resultado; no tiene Cos-Gayón más contrincante que Vallarino; pero éste no tiene fuerzas para luchar con Pallares, y además la única con que cuenta le faltará por completo, porque esa consiste en el apoyo del Director General de Comunicaciones, y yo no soy hombre que permita que un Director General de mi Ministerio haga una política contraria a la que el Gobierno hace. Los medios e influencias de que disponga don Cándido Martínez serán puestos al servicio de la candidatura de Cos-Gayón".

É decir, que o amigo común do conde e mais Segasta -que ben puidera ser Manuel Becerra- cumprira ben. O que non está moi claro, como non fora unha trola para crear un ambiente propicio, era porqué Cándido Martínez, un constitucionalista deputado por Mondoñedo e onde sempre loitaba co de Pallares, fora axudar a un conservador, coma

Vallarino, cando, tanto en Lugo coma en Mondoñedo, tiña correligionarios ós que apoiar. Quen non estaba disposto a apoia-lo leridán era Pérez Batallón molesto cos cuneros,

"(...) que me ha contestado con una carta malhumorada, en que viene a decir en resumen, que retira su candidatura si Vallarino retira la suya; y si no, no".

Non obstante, fai caso ó conde e deixa camiño libre ó catalán.

González Vallarino, pola súa banda, estaba a aburar ó Romero Robledo queixándose de que Cánovas non obrigara ó conde a apoia-la súa candidatura, así que sentíase botado do partido liberal-conservador e ameazaba con ir a Lugo loitar personalmente e "gastar mucho dinero". Cos-Gayón, medoñento dos efectos que puidera ter este comportamento do seu inimigo político, decide entrevistarse con el, pero denantes faino co vicepresidente do partido, propoñéndolle que enviase a Vallarino a Tarazona, cousa que o Romero acepta, segundo o leridán, aínda que a decisión do partido era que, para evitar mais liortas, fose Cos-Gayón por Tarazona, o que xa fora aceptado polos aragoneses. Cando o exministro da Facenda entrevistase co Vallarino, este era sabedor de que Cos-Gayón propuñéralle a Romero que o avogado renunciara a Lugo e se fora para Tarazona. De entrada, Vallarino aduce que seus compromisos impídenlle abandona-la súa candidatura por Lugo, pero pouco a pouco vai aceptando esa realidade, para rematar en irse para Tarazona. Esto leva ó catalán crer que seu rival non tiña compromiso ningún e si desexos de pedir abeiro para ser deputado por calquer parte. Agora síntese seguro e escribe ó conde de Pallares.

"(...) Y no tendrá muy decidido hacer los últimos esfuerzos en favor de su candidatura por Lugo, estando ya tan adelantado el tiempo, se agarra tan fácilmente a otra combinación que supone consultar a Cánovas, que está en Francia, carta de éste a Tarazona, contestaciones y demás, es decir, pérdida de una porción de días..."

Con todo, as cousas non eran tan doadas, xa que Navarro Yturen, director da combinación por Tarazona, ás 9 de mañá do 18 de xullo mándalle un telegrama a Cos-Gayón e outro ó partido, dicindo que era imposible acepta-lo cambeo do catalán polo Vallarino. O propio Cánovas, desde Francia, teima preto do exministro para que acepte ser candidato por Tarazona.

"He recibido una de Romero muy preocupado por lo de Vallarino. Si te asegura Navarro Yturen lo de Tarazona, y yo creo que te lo asegurará (a carta é posterior ó acordo co Vallarino e mais ó telegrama), me alegraría que te apartaras de lo de Lugo, en bien de la concordia. Si Pallares no quiere a Vallarino resueltamente, **que presente otro cualquiera**, uno del país, por ejemplo. No quisiera que esto entre Romero y tú diera lugar a desentimiento. Hay que advertir que de lo que se queja Romero es de que tú insistas por Lugo estando segurísimo por Tarazona, donde a nadie haces mal tercio, y de todos modos, **el prefiere seas diputado a todo**. Lo mejor sería que tú seguro por Tarazona, votase Pallares a Vallarino"

(7).

(7).-Copia da carta que o Cos-Gayón manda ó de Pallares.

Esta carta de Cánovas é elocuente de abondo sobre a falta de coordinación entre o poder e os afiliados. Nin Cánovas nin Romero estaban perfectamente enterados de que Pallares, por ningún concepto nin de ningunha forma, ía apoiar ó avogado, polo que o sentido común non tiña ningún sentido; ou se facía a vontade do conde de Pallares ou nin Cos-Gayón nin Vallarino serían deputados. E esta responsabilidade comenza a prender no Vázquez de Parga.

Na carta na que lle comunica a opinión de Cánovas, Cos-Gayón alude a un plan do vilalbés, que descoñecemos, para rematar afirmando que non lle vai pedir explicacións a Cánovas nin a Romero polo cambeo de postura xa que antes quería quedar libre da candidatura por Cartaxena e máis Tarazona.

"Cuando los demás vean que no soy candidato más que por Lugo, no dude V. de que harán lo que puedan por mi triunfo..."

Tranquiliza ó conde facéndolle ver que de acordo coa carta do Cánovas non só non había preferencia polo Vallarino -o que, segundo el, sería absurdo e inconcebible-, senón que o líder conservador conformaríase con que despois de estar el seguro noutra parte se votase en Lugo a calquera que non fose o Vallarino. E, coma este viña ameazando con amosar unha certificación do comité electoral do partido que o designaba candidato por Lugo, informa ó seu protector que non existía tal comité; mesmo estaba disposto ir a Lugo, aínda que non sabía o camiño:

"Supongo que en el caso de llamarme V. de improviso a Lugo, el camino que debo tomar es por Brañuelas".

De todo este complicado proceso de compromisos e descompromisos, de non saber onde está cada un dos personaxes da historia, dedúcese o poder que tiña o conde de Pallares para decidir sobre dos intereses conservadores en Lugo. Cánovas só lle manda unha carta recomendándolle ó Vallarino e o Romero Robledo, ningunha, cando o máis lóxico sería obrigar ó conde a obedecer ó partido. Mais ningún deles ousa enfrentarse ó lugués. O de Pallares estaba a demostrar que o poder eran os votos.

Refugado por Tarazona, Vallarino teima por provocar un escándalo en Lugo. De primeiras pónse en contacto cos seus amigos e máis co "Diario de Lugo", ós que lles participa a existencia da certificación. Esto alarma ó de Pallares, que, o 25 de xullo, escribe ó exministro:

"(...) Vallarino viene dispuesto, entre otras cosas, a probar por todos los medios que es el genuino candidato del partido conservador..."

A todo isto -e así se deduce da correspondenza- o candidato Da Riva e Do Rego (Darriba e Dorrego era como o coñecía toda a xente), protexido do director xeral de Comunicacións e que fixera, como temos dito, un "pacto de socorro mutuo" co Vallarino, estaba a intervir na pendencia, a pesar da fanfarronada de Venancio González de que non permitiría que fixera unha política diferente á del mesmo. A resposta de Cos-Gayón á misiva do conde do 25 é "desviada de su destino" e, cando o lugués a recibe, tiña mostras de habere sido lida. Mais o peor era que, segundo informan ó Vázquez de Parga, seus inimigos políticos fixeran unha copia daquela outra do un de xullo na que Cánovas informaba ó conde que apoiaba a Vallarino. O mesmo tempo, as xestións do avogado co "Diario de

Lugo" rematan ca publicación por este dun editorial no que se resaltaba que, de tódolos candidatos, o que mais posibilidades tiña era don Felipe González Vallarino, o que, mentres fora deputado, soupera achegarse as simpatías das xentes. Afirmaba ademais con razón que o Cos-Gayón tivera de se retirar en Cartaxena diante da ventaxa do seu correlixionario don Salvador Albacete.

"(...) desahuciado el exministro de Hacienda, sin tener a donde volver los ojos, era natural que encontrase hospitalidad generosa en Lugo, que también fue asilo de los señores Cárdenas, Pérez Hernández y otros desvalidos (...). Nuestra provincia, como Galicia entera, necesita que su representación en Cortes se componga de hijos del país, que conozcan las necesidades de éste, los remedios que reclaman..."

O diário conservador teima:

"Y ¿qué interés puede merecer al señor Cos-Gayón este país que le es enteramente desconocido, al que no le une afección de ningún género, y del que tampoco puede tomar buen juicio al ver que tan graciosamente le acepta? ¿Qué concepto ha de merecerle un pueblo de cuya voluntad se dispone en favor de los extraños? (...). El señor Cos-Gayón ha sido diputado repetidas veces; ocupó importantes posiciones oficiales; tiene larga historia política; y, sin embargo, de esto, al final, digámoslo así, de su carrera tiene que ser cunero, tiene que venir a acogerse a un país que a ser independiente le rechazaría (...) ¿Para qué -se dirá Cos-Gayón- para qué he de esforzarme en satisfacer los deseos de mis electores; para qué he de mortificarme en estudiar las necesidades del pueblo que represento, si nada de esto es necesario para que en otra ocasión me adjudique sus sufragios? ¿Para qué -se preguntará- he de procurar contentar, cumpliendo mis deberes, a los electores de Lugo, si me basta tener satisfechos a mis amigos de la localidad..." (8).

Mentrello Cos-Gayón confesa importarlle moi pouco o que dixera "Diario de Lugo", o de Pallares estaba desacougado porque o editorial era duro de abondo e porque non podía contestar sen provocar unha réplica,

"(...), ya que era probable que eso fuese lo que se buscaba para tener un pretexto a publicar la carta de Cánovas a mí, cuya copia tienen ya, según me aseguran, en la redacción..."

Nestes momentos o director xeral de Comunicacións participa directamente na liorta, escribindo cartas ós seus partidarios de Lugo para que tamén apoiasen a candidatura de Vallarino. Cos-Gayón decide non escoitar mais as suxerencias de Cánovas e Romero Robledo, e renuncia definitivamente a súa candidatura por Tarazona. Pero agora o conde de Pallares non estaba tan seguro que o seu patrocinado saíse deputado, aínda contando coa promesa do gobernador civil de que apoiaría ó exministro en dez Concellos se o conde facía

(8).- Esto non só ocorría en Lugo; era un vello problema de toda Galicia e mesmo de España. Temos, por exemplo, o caso de Elduayen que, no 1878 era apoiado polo "Faro de Vigo", pero o candidato oficial foi don Lorenzo Fernández Villarrubia, o que, "aunque persona de confianza para el Excmo. Sr. marqués del Pazo de la Merced (...) no es el diputado de Vigo". "La Concordia", pola súa banda, tacha ó Villarrubia de "persona muy apreciada y muy conocida en su casa (...)". O candidato oficial para deputado a Cortes pola Cañiza "es un tal señor Pelletán, persona que hasta ahora no sabían los electores de aquel distrito existiese". Tamén en Lalín descoñecen ó candidato. A importante figura do cunero e súa influencia sobre da situación actual de Galicia está aínda por estudar.

o mesmo cos ministeriais noutros cinco. A campaña do Manuel da Riva á prol del e mais do Vallarino eran tan consistente, ó menos aparentemente, que o conde repróchase

"(...) que si después de tener el triunfo asegurado en Tarazona en Lugo fracasara sería para mí una eterna pesadilla..."

A loita do conde na contra dos intereses do seu partido e da influencia de Cándido Martínez semallaba que só tería un fin: a derrota de Cos-Gayón. Non obstante, este estaba moi tranquilo e transmitíalle paciencia ó Vázquez de Parga facéndolle ver que o xornal non ía publica-la carta na que Cánovas apoiaba a Vallarino, xa que, levado ós tribunais, veríase apurado para amosa-lo orixinal, que Cánovas, por outra banda, non recoñecería coma seu. Pero o lugués non as ten todas con el e decide xuga-la derradeira carta: poñerse en contacto co Vallarino. Así o 17 de agosto escríbelle unha carta facéndolle ve-las dificultades que tería para saír deputado e moi probablemente lle falara da propia forza do conde para sacar adiante a Cos-Gayón. O que sí sabemos que fai é pregarlle que retirase súa candidatura. Como entre carta e carta sababan bastantes días, Vallarino era alleo a todolo que se estaba a facer por el en Lugo; só sabía que era un candidato sen circunscrición, así que lle escribe a Cánovas na busca de seu apoio para senador.

O 20 de agosto o presidente do partido liberal-conservador pónse en contacto co exministro catalán en demanda de apoio para Vallarino:

"Mí querido Fernando: acabo de recibir un telegrama de Navarro Yturen, diciéndome que has retirado tu candidatura por Tarazona, y no puedo menos de hacerte presente lo mucho que lo lamento. Vallarino me escribe manifestándome su empeño en ser senador. Ya comprenderás que después de lo ocurrido no será mucho que se le ayude hasta donde humanamente sea posible, y así se lo expreso a Pallares en carta que hoy le escribo, esperando que tanto el como tú no omitireis medio de sacarlo adelante. También se lo digo a Romero, a pesar de que conozca ya sus buenas intenciones" (9).

Pero Vallarino, apoiado polo Romero, alentado pola campaña do Da Riva e polo que xulga medo do conde, decide non retirarse, confiado en que o vilalbés, de non saír deputado, apoiaría para senador. Entón a loita electoral dana os ministeriais Ballesteros e mailo Da Riva, e os conservadores Cos-Gayón e Vallarino, pois o monárquico Paradela retírase (10).

(9).-A. H. P. "Documentos del conde...". Op. Ct. Leg. 16.

(10).-Nas outras circunscricións, resultados que non temos contrastados e que por eso non damos, loitaban: Becerreá, Manuel Becerra (que saíu deputado); Chantada, Somoza de la Peña e Ucelay (do grupo de Becerra); Fonsagrada, Pardo Balmonte; Mondoñedo, Cándido Martínez; Monforte, Cabezas, Lago e mailo Guitián (tamén de Becerra); Quiroga, Vicente Vázquez Quiroga (presentábase por 1.ª vez); Ribadeo, Eduardo Pardo; Viveiro, Francisco Suárez. Ademais presentábanse tamén Nicolás Salmerón e mailo Montero Ríos, por acumulación. Sen embargo, esta relación de "El Correo", de Madrid, estaba trabucada, xa que Guitián non ía por Monforte, era o apoio do Cabezas (esquerdista de Becerra). Mariano Zaera Herrerros, presidente do comité democrático-progresista de Lugo, ordea ós seus partidarios (zorrillistas) que votasen a Salmerón. Cando a fins de agosto fíxose pública a lista dos interventores eleixidos, xa se sabía quen ía gañar pola manipulación que estes facían dos votos. En Lugo sairon 130 adictos e 40 da oposición e gañaron Ballesteros e mailo Darriba, polos adictos, e Cos-Gayón, pola oposición. En Mondoñedo, Ribadeo, Monforte, Chantada e Fonsagrada, todos eran adictos e en Becerreá todos independentes, "por razón de que el Gobierno, atendiendo a la importancia del señor Becerra, que cuenta con elementos en aquel distrito, acordó no suscitarle obstáculo alguno", e así o Becerra obtivo 1.624 votos, mentrelo Montero Ríos só sacaba 162, e o Salmerón, 15.

Un comprende a carraxe do conde porque de manterse fora Vallarino serían tres candidatos para tres postos. O resultado dos comicios foi que Benigno Quiroga López- resultado Ballesteros, obtén 4.445 votos; Manuel da Riva do Rego, 3.417; Cos-Gayón, 2.294, e Vallarino, 1.161, quedando, polo tanto, fora.

A resposta do Vallarino á misiva do conde do 17 de agosto, na que lle pregaba que se retirase, foi recibida polo lugués cando xa remataran os comicios:

"(...) en vista de cuanto expresa su grata del 17 tengo por cierta mi derrota en la lucha para la Diputación (...), aspiro, como habrá dicho a V. Cánovas, a la senaduría. Alejado de ciertos elementos deseo y necesito la cooperación de V., que le pido explícitamente. Por ello anticipo a V. las gracias." (11).

Case a volta de correo (25 de agosto) o conde escribe un duro borrador (que ignoramos se convertiu en carta), que era fiel refrexo do que estaba a pensar:

"La carta del señor Cánovas a que V. se refiere empieza diciendo: "ya sabrá V. que el señor Vallarino ha cedido al fin de sus pretensiones a la Diputación (...)". Si esto fuera cierto, si por las varias consideraciones que yo creí tendría V. presentes, hubiera retirado su candidatura cuando se lo rogué, todo esfuerzo me parecería ahora pequeño para apoyar la de senador y entendí que así lo comprendería por la expresión que le hacía de mis sentimientos y de mis deseos. Después de lo que acaba de pasar, después de los accidentes de la reciente lucha y de cuanto publicó la prensa local, sin que mereciese de parte de V. una protesta, pedir sin solución de continuidad que los que hemos tenido precisión de combatirle y lo hemos hecho con dignidad respetando la personalidad de V. hasta el extremo de no negar siquiera méritos en que por lo menos otros podríamos reclamar participación, sin defendernos ni defender al señor Cos-Cayón de las diarias imputaciones de estos periódicos que a título de patrocinadores de la campaña de V. llegaron a la calumnia, pedir que sancionemos todo esto con nuestro voto a los diez días de ocurrido, excede con mucho a lo que puede pedirse a la más cristiana humildad. Cúlpese V. pues otra vez a sí mismo o a los que le halagaron sin la esperanza en la victoria en la elección de diputados de habernos inhabilitado para votarle en la de senadores..." (12).

Mais se o conde estaba doído co Vallarino, non o estaba menos co gobernador, xa que, segundo o vilalbés, non cumprira o acordado:

"(...). En primer lugar, el día en que salí para esta (Vilalba) el gobernador me exigía el cumplimiento de mi palabra espontáneamente empeñada de no mezclarle en la elección de senadores. Le contesté, por una parte, que no se me había cumplido la que se me dió de mutuo apoyo a los candidatos ministeriales por mí y a Cos-Gayón por él, porque, habiendo convenido en la votación que había de darse a aquellos en los cinco ayuntamientos que seguían mis instrucciones cumplí religiosamente y en los diez restantes él me ofreció para Cos-Gayón 1.369 votos y solo obtuvo 873, lo cual nada tenía de particular, pero tiene y mucho que en ellos obtuviera Vallarino 1.066, de lo que resulta que no solo no obtuvo votación Cos-Gayón, sino que aún obtuvo de más Vallarino 193 votos..."

(11).-A. H. P. "Documentos del conde...". Op. Ct. Leg. 16.

(12).-Ibidem.